

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de febreiro de 2022**

Ás 17.00 horas do día 16 de febreiro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Consuelo Vispo Seara (substituída por dona Ana Patricia Torres Madureira).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xaneiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 19 de xaneiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DA RPT DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NO RELATIVO AO PERSOAL EVENTUAL.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

Na Área de Presidencia, modifícanse as determinacións 2ª e 3ª no relativo ao persoal eventual,

Suprímese o seguinte posto de traballo

2º) Gabinete de Presidencia:

1 Asesor da Presidencia: persoal eventual, asimilado ao grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

Engádese o seguinte posto de traballo

3º) Persoal ao servizo dos grupos políticos:

Grupo de Democracia Ourensana (DO):

1 Asesor político de grupo: persoal eventual, asimilado ao grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno.

En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

3º.- MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO INORDE.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Modificar a representación de cargos no organismo autónomo INORDE, nomeando a don Armando Ojea Bouzo en substitución de don Miguel Caride Domínguez, quedando como segue:

Catro vogais entre persoas con recoñecida actividade empresarial ou profesional:

D. Armando Ojea Bouzo, deputado provincial.

D. Aurelio Gómez Villar, asesor da Presidencia.

D.^a Margarita Pérez Fernández (suplente: dona Rosario Rodríguez Delgado) deputadas provinciais.

D. Bernardo Varela López, deputado provincial.

A deputada dona Montserrat Lama Novoa podería asistir como ouvinte, sen voz nin voto.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que o 4 de febreiro o seu grupo presentou unha solicitude por rexistro pedindo o acceso do seu grupo á antiga sede do Inorde, emprazada na rúa Progreso, 28.

O **presidente da comisión** contesta que trasladará a petición ao presidente do Inorde, se ben entende que esta está en trámite e en prazo de resolución.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que a Deputación ven de anunciar unha actividade denominada Espacio Kids para desenvolvemento en diversos CEIPS da provincia, o primeiro dos cales será o Concello de Muíños, pregunta a quen deben dirixirse os centros educativos interesados nesta actividade.

O presidente da comisión indica que as direccións dos respectivos centros deben dirixirse á Deputación e que todas as solicitudes serán admitidas na medida do posible.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, roga que se lles remita aos concellos da provincia, en concreto ao Concello de Verín e tamén ao Grupo Socialista, o informe que se lle encargou á Asesoría Xurídica da Deputación polo grupo de goberno, para analizar o impacto da lei para a redución da temporalidade no emprego público e da reforma laboral nas entidades locais.

O presidente da comisión contesta que segundo lle consta se está traballando no dito informe, do que xa existe un primeiro borrador, e que lles será remitido unha vez que estea concluído.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.